

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

Nada mudou, malia a propaganda

Folga Xeral no Ensino Público Galego o 25 de setembro

Sobran os motivos para irmos á folga xeral no ensino público galego o vindeiro xoves 25 de setembro. O comezo do novo curso non trouxo máis ca novos recortes convenientemente disfrazados coa propaganda habitual a través dos altosfalantes habituais. Pero o derrube continúa: néganse recursos, redúcense, incúmprense os catálogos e os acordos miserentos que agora as propias asinantes valoran denunciar (que o STEG non asinou) e substitúense solucións estruturais por parches improvisados no mellor dos casos, que deterioran a calidade do ensino público, a atención a quen máis o precisa e empeoran as nosas condicións de traballo. A pregunta é? Houbo unha redución real e inmediata das ratios nos nosos centros? Non. Houbo un reforzo de profesorado para a atención á diversidade e ao alumnado máis vulnerábel? Non. Cobrou o persoal substituto o verán? Non. Reduciuse a burocracia? Non. Produciuse a recuperación salarial das perdas acumuladas polo profesorado galego? Non. Reguláronse as materias afíns? Non. Reducíronse as horas lectivas para o profesorado maior de 55 anos? Non. Volvemos ás 18 horas lectivas en Secundaria e 21 en Primaria que nos permiten recuperar e coordinar o vigor da actividade pedagóxica dos centros? Convidámosvos a responder a vós.

No canto diso, a acción da Consellería converteuse nunha performance, unha simulación, unha falsa acción de goberno na que, de súpeto, o máis importante é garantir unha suposta 'neutralidade ideolóxica'. En que momento se nos convida a calar a boca como se fóssemos parvas para negar a realidade das moitas cousas que pasan neste país e noutros lugares do mundo? Nesta deriva propagandística anúncianse plans como o MEGA para dicir que se comeza con máis profesorado ca nunca, cando o único que trae é provisionalidade, precariedade, medias xornadas e descontrol para os centros.

Porque sobran os motivos, animámoste a ir á folga. Os sucesos das últimas semanas demostránnos que mobilizarse serve. Que axuda a cambiar as cousas e a sumar máis xente. Xa non vale iso do 'marco analítico': a idea de que un sistema complexo debe ser analizado por expertos que aplicarán receitas para corrixir os seus defectos. Á vista está onde nos levan os gobernos da dereita e este de Rueda na Xunta. Pois é a nosa participación democrática, a nosa implicación fronte aos abusos e os problemas a que nos axudará a navegar cara a un futuro mellor. Ese lugar é incerto pero non se constrúe só. Precisamos sumar moitas vontades e mudar nós mesmas como colectivo esta realidade que deteriora día a día o que é de todas. Non hai promesa de que sirva de nada. Pero hai algunha promesa en seguir igual?

Por iso, porque sobran os motivos, súmate á folga do 25 de setembro. Nada mudou, malia a propaganda.

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG

Xoves, 18 de setembro de 2025



**EN
SI
NO**

**Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade**